

DOMINGO VI ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA Xer 17, 5-8

Lectura do libro do profeta Xeremías

Así fala o Señor: - Maldito o home que confía no home: pon a súa forza na carne, e retira do Señor o seu corazón. Será coma un cardo no ermo, non verá vi-la fartura; habitará nas pedras do deserto, terra salobre e inhabitable.

Bendito o home que confía en Deus: a súa esperanza é o Señor. Será coma unha árbore transplantada xunto á auga, que bota as súas raíces para o regueiro; non notará cando veña a seca, e a súa follaxe estará frondosa; nos anos de seca non terá preocupacións, pois non deixará de dar froito.

SALMO RESPONSORIAL Sal 1, 1-2. 3. 4 e 6

R/. (Sal 39, 5a): **Ditoso aquel que ten a súa esperanza no Señor.**

Benaventurado aquel
que non se guía polo consello dos malvados,
nin se detén no camiño dos pecadores,
nin senta na xunta dos burlóns,
senón que ten o seu contento na vontade do Señor
e nela remoe día e noite.

É coma árbore plantada onda os regueiros:
dá froito ó seu tempo,
as súas follas non murchan,
e todo o que fai acaba ben.

Non son así os malvados;
serán coaño que leva o vento.
Pois do camiño dos xustos cuida o Señor,
mentres vai á perdición o camiño dos malvados.

SEGUNDA LECTURA 1 Cor 15, 12. 16-20

Lectura de primeira carta do Apóstolo San Paulo ós Corintios

Irmáns: Se se predica que Cristo resucitou dos mortos, ¿como é que andan algúns de entre vós dicindo que non hai resurrección dos mortos? Pois, se os mortos non resucitan, tampouco Cristo está resucitado. E, se Cristo non está resucitado, a vosa fe é unha ilusión: estades aínda nos vosos pecados.

Resultaría tamén que os que finaron en Cristo pereceron completamente. Ora, se a esperanza que temos en Cristo é soamente para esta vida, nós sómo-los máis dignos de compaixón entre tódolos homes. Pero non: Cristo resucitou dos mortos, como primicia dos que adormecen.

EVANXEO Lc 6, 17. 20-26

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, baixando Xesús cos Doce, detívose nunha valgada cun bo grupo de discípulos e numerosa xente de toda Xudea, de Xerusalén e mais de toda a ribeira de Tiro e Sidón.

Xesús, coa mirada posta nos seus discípulos, dixo: - Ditosos vós os pobres, porque voso é o Reino de Deus. Ditosos os que agora pasades fame, porque Deus vos fartará. Ditosos os que agora chorades, porque riredes.

Ditosos vós, cando vos aborrezan os homes, vos expulsen e vos aldraxen, cando poñan nas listas negras o voso nome por causa do Fillo do Home: alegrádevos nese día, brincando de gozo, porque grande será a vosa recompensa no ceo, pois así mesmo foi como os pais deles lles fixeron ós profetas.

Pero, ¡ai de vós, os ricos, porque xa acadáste-la vosa satisfacción! ¡Ai de vós, os que agora estades fartos: xa pasaredes fame! ¡Ai de vós, os que agora rides: xa choraredes e xa laiaredes! ¡Ai, cando todos falen ben de vós: o mesmo fixeron os seus pais cos falsos profetas!